


PLACA DE PROTOTIPOS

Unha placa de prototipos ou probas (en inglés protoboard ou breadboard) é un taboleiro con orificios que se atopan conectados electricamente entre si de maneira interna, no cal se poden inserir compoñentes electrónicos e cables para a montaxe e comprobación de circuitos electrónicos. A conexión entre os orificios pode verse na figura a continuación representada polas liñas azul celeste.



Para realizar as montaxes cómpre ter en conta as seguintes indicacións:

- x As tiras verticais de 5 contactos emprégase para os nodos do circuíto onde se conectan dous ou máis compoñentes.
- x As tiras horizontais superiores e inferiores tamén están unidas internamente, hai unha zona de separación na metade da placa. Estas tiras horizontais empréganse preferentemente para conectar alimentación e masa, o que permite que sempre haxa un punto de alimentación próximo a calquera parte da placa.
- x Os circuitos integrados con empaquetados tipo DIP móntanse na zona central de separación, de forma que cada pata quede conectada a unha fila de 5 contactos.
- x Os compoñentes axiais poden montarse en vertical ou horizontal, tendo coidado de que as dúas patas non queden na mesma fila.
- x As conexións entre nodos fanse mediante segmentos de fío condutor, en relación a estes fíos cómpre ter en conta:
 - ✓ É importante que a zona espida dos fíos sexa de entre 0,5cm e 1cm.
 - ✓ Os fíos deben ter unha lonxitude axeitada para a conexión que realizan.
 - ✓ E moi conveniente seguir un código de cores.
 - ✓ Os fíos non deben pasar, na medida do posible, por enriba dos compoñentes. Tamén deben cruzarse o menos posible.
- x Cando se colocan os compoñentes na placa débese buscar que exista unha correspondencia entre a posición que ocupan na placa e no esquemático, isto facilita moito a detección de erros e a localización dos diferentes puntos de medida.

